



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A AGRUPACIÓN DE PER-  
SOAL VOLUNTARIO DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE EN MATERIA DE PREVEN-  
CIÓN DE RISCOS NO CAMIÑOS FRANCÉS, PORTUGUÉS E VÍA DA PRATA E AXUDA AOS/ÁS PERE-  
GRINOS/AS**

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o órgano encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia segundo o Decreto 177/2016, do 15 de decembro e polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e polo Decreto 74/2018, do 5 de xullo, que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

**Antecedentes:**

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é conveniente contar en determinados momentos con medios alleos, ademais dos propios, co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

Que as AVPC coas que se pretenden asinar os convenios de colaboración, contan con medios humanos e materiais coa experiencia necesaria na prevención de emerxencias, adquirida ó longo destes anos de colaboración coas autoridades de protección civil da Administración Autonómica de Galicia, sendo entidades necesarias e imprescindible na xestión da prevención, promoción, divulgación, información e socorro no ámbito do Camiño Francés, Portugués e Vía da Prata dentro dos seus termos municipais e nalgús casos limítrofes.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coas AVPC do Camiño Francés, Portugués e Vía da Prata o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

**Finalidade:**

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración, dentro do Sistema de Protección Civil de Galicia, entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e as Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil asinantes, para que estas interveñan, dentro dos seus termos municipais ou de municipios limítrofes que carezan de AVPC, na prevención, promoción, divulgación, información no ámbito do Camiño Francés, Portugués e Vía da Prata, contribuíndo deste xeito á concienciación, información e seguridade dos/as peregrinos/as na súa andaina a Santiago de Compostela.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase na necesidade de colaborar con estas agrupacións nas seguintes funcións:

- Patrullar polo camiño do seu termo municipal ou o dos concellos limítrofes





- Atender aos/as peregrinos/as dos distintos camiños xacobeos
- Informar diariamente ao CAE 112 do inicio e peche da actividade na atención dos camiños dando resposta, onde se requira a súa intervención, ás situacións e incidencias ou solicitudes de axuda que demandan os/as camiñantes.
- Colaborar na prevención, apoio e cobertura en grandes eventos e concentracións humanas derivadas de actos que teñan que ver coas peregrinacións.
- Participar, xunto coa administración autonómica, na organización e realización de operativos, exercicios e simulacros, no desenvolvemento dos plans territoriais e especiais de protección civil, colaborando activamente nas campañas planificadas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva nos seus termos municipais por estas AVPC, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto dos respectivos convenios, con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.481.0 e código de proxecto 2015 00106 dos orzamentos do ano 2019, por un importe total de cento sesenta mil euros ( 160.000,00 €), distribuídos do seguinte xeito:

**AVPC ASINANTES DO CONVENIO, CAMIÑO ATENDIDO E CUSTO TOTAL**

ORZAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS AVPC DO CAMIÑO FRANCÉS, PORTUGUÉS E DA RUTA DA PRATA

| TOTAL ORZAMENTO |                        | 160.000 €                                            |            |            |             |             |
|-----------------|------------------------|------------------------------------------------------|------------|------------|-------------|-------------|
| CAMIÑO          | AVPC                   | TRAMO A PERCORRER DOS CAMIÑOS                        | Km. CAMIÑO | Sinatura € | TOTAL € Km. | CUSTO TOTAL |
| Francés         | Sarria                 | O Cebreiro – Morgade (Sarria)                        | 69,000     | 1500,00    | 15907,78    | 17.407,78   |
|                 | Portomarín             | Ferreiros (Paradela)-Ventas de Narón (Portomarín)    | 23,000     | 1500,00    | 5302,59     | 6.802,59    |
|                 | Monterroso             | A Previsa- Aireche (Monterroso)                      | 10,500     | 1500,00    | 2420,75     | 3.920,75    |
|                 | Palas de Rei           | Portos-A Campanilla (Palas de Rei)                   | 20,000     | 1500,00    | 4610,95     | 6.110,95    |
|                 | Arzúa                  | Boente (Arzua)-Pedrouzo (O Pino)                     | 32,000     | 1500,00    | 7377,52     | 8.877,52    |
|                 | Santiago de Compostela | Pedrouzo (O Pino)- Santiago de Compostela-Milladoiro | 19,000     | 1500,00    | 4380,40     | 5.880,40    |
| TOTALS          |                        |                                                      | 173,500    | 9000,00    | 40000,00    | 49.000,00   |
| Portugués       | Ames                   | Biduido a Milladoiro                                 | 1,700      | 1500,00    | 394,74      | 1.894,74    |
|                 | Teo                    | Faramello a Biduido                                  | 6,300      | 1500,00    | 1462,85     | 2.962,85    |
|                 | Padrón                 | A Ponte a Picaraña                                   | 12,180     | 1500,00    | 2828,17     | 4.328,17    |
|                 | Pontecesures           | Concide a Pontecesures                               | 3,100      | 1500,00    | 719,81      | 2.219,81    |
|                 | Valga                  | As Cernadas a Valga                                  | 5,940      | 1500,00    | 1379,26     | 2.879,26    |
|                 | Caldas de Reis         | Valsordo a Gurgullón                                 | 12,000     | 1500,00    | 2786,38     | 4.286,38    |
|                 | Portas                 | San Amaro a Albergue Portas                          | 1,200      | 1500,00    | 278,64      | 1.778,64    |
|                 | Barro                  | San Amaro a Seca (Portas)                            | 7,610      | 1500,00    | 1767,03     | 3.267,03    |
|                 | Pontevedra             | Pontesampaio a San Amaro                             | 15,560     | 1500,00    | 3613,00     | 5.113,00    |
|                 | Vilaboa                | Pontesampaio a Tomeza                                | 3,500      | 1500,00    | 812,69      | 2.312,69    |
|                 | Redondela              | Dende o Límite de Mos a Vilaboa                      | 18,000     | 1500,00    | 4179,57     | 5.679,57    |
|                 | Mos                    | Sanguinada a O Alto Santiaguíño                      | 8,400      | 1500,00    | 1950,46     | 3.450,46    |
|                 | O Porriño              | Fronteira a Cerquido                                 | 21,750     | 1500,00    | 5050,31     | 6.550,31    |
|                 | Santiago de Compostela |                                                      | 5,500      |            | 1277,09     | 1.277,09    |






# XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)  
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono: 981 546 497 – Fax: 981 546 486  
emergencias.interior@xunta.es



|               |                        |                                                     |         |           |           |           |
|---------------|------------------------|-----------------------------------------------------|---------|-----------|-----------|-----------|
| Ruta da Prata | Mezquita               | A Canda – O Cañizo                                  | 10,710  | 1500,00   | 852,97    | 2.352,97  |
|               | A Gudiña               | O Cañizo – Campobeceros-Mesón de Erosa              | 39,000  | 1500,00   | 3106,05   | 4.606,05  |
|               | Vilarinho de Conso     | Venda do Bolaño – Campobeceros                      | 11,340  | 1500,00   | 903,14    | 2.403,14  |
|               | Laza                   | Campobeceros – Alberguería - Necedo do Val          | 37,460  | 1500,00   | 2983,40   | 4.483,40  |
|               | Sarreaus               | Alberguería – Sarreaus – Vilar de Barrio            | 4,790   | 1500,00   | 381,49    | 1.881,49  |
|               | Vilar de Barrio        | Sarreaus – Xunqueira de Ambía                       | 6,220   | 1500,00   | 495,38    | 1.995,38  |
|               | Xunqueira de Ambía     | Vilar de Barrios-Albeirada                          | 14,810  | 1500,00   | 1179,50   | 2.679,50  |
|               | Baños de Molgas        | A Beirada – Cantoña                                 | 0,740   | 1500,00   | 58,94     | 1.558,94  |
|               | Paderne de Allariz     | Cantoña -Allariz                                    | 3,340   | 1500,00   | 266,01    | 1.766,01  |
|               | Ourense                | Taboadela– Madrosende                               | 18,840  | 1500,00   | 1500,46   | 3.000,46  |
|               | Amoeiro                | Madrosende – Vilamarín                              | 2,370   | 1500,00   | 188,75    | 1.688,75  |
|               | Coles                  | Coles -Vilamarín                                    | 1,080   | 1500,00   | 86,01     | 1.586,01  |
|               | Vilamarín              | Coles – Ponte Medieval Faramontaos                  | 6,060   | 1500,00   | 482,63    | 1.982,63  |
|               | Piñor                  | Cea- Dozón                                          | 9,480   | 1500,00   | 755,01    | 2.255,01  |
|               | Riós                   | Mesón de Erosa – Fumaces                            | 18,980  | 1500,00   | 1511,61   | 3.011,61  |
|               | Xinzo de Limia         | Alto das Estivadas-Trasmiras-Canal da Laguna        | 19,250  | 1500,00   | 1533,11   | 3.033,11  |
|               | Sandiás                | Canal de Laguna _Alto de Allariz                    | 10,300  | 1500,00   | 820,32    | 2.320,32  |
|               | Allariz                | Alto de Allariz – Paderne de Allariz                | 20,230  | 1500,00   | 1611,16   | 3.111,16  |
|               | Cualedro-Monterrei     | Feces-Laza-Fumaces Verín                            | 43,780  | 1500,00   | 3486,74   | 4.986,74  |
|               | Vilardós               | Fumaces- Verín                                      | 8,860   | 1500,00   | 705,63    | 2.205,63  |
|               | San Cristobo de Cea    | Ponte medieval Faramontaos-Cea-Monasterio de Oseira | 19,360  | 1500,00   | 1541,88   | 3.041,88  |
|               | Lalín                  | A Gousa- Ponte Taboada                              | 27,950  | 1500,00   | 2226,00   | 3.726,00  |
|               | Boqueixón              | Vedra-Boqueixón                                     | 13,600  | 1500,00   | 1083,14   | 2.583,14  |
|               | Santiago de Compostela | A Susana-Santiago de Compostela                     | 9,300   |           | 740,67    | 740,67    |
| TOTALS        |                        |                                                     | 357,850 | 34.500,00 | 28.500,00 | 63.000,00 |

|                            |           |
|----------------------------|-----------|
| TOTALS de todos os camiños | 160000    |
| Orzamento Camiño Francés   | 49.000,00 |
| ORZAMENTO KM.              | 40.000,00 |
| prezo/km                   | 230,55    |
| Orzamento Camiño Portugués | 48.000,00 |
| ORZAMENTO KM.              | 28.500,00 |
| prezo/km                   | 232,20    |
| Orzamento Vía da Prata     | 63.000,00 |
| ORZAMENTO KM.              | 28.500,00 |
| prezo/km                   | 79,64     |
| POR SINATURA CONVENIO      | 1.500,00  |

Nota: É posible algunha variación dos tramos do camiño adxudicado ás AVPC pola renuncia dalgunha ata non se teñan formalizadas as novas corporacións

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación do texto da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela,  
O director xeral de Emerxencias e Interior  
Santiago Villanueva Álvarez



Xacobeo 2021

